



Excelentísimo e Reverendísimo bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

Ilustrísimo Presidente do Cabido Catedralicio.

Reitor do Santuario dos Remedios

Ilustrísima Alcaldesa e Corporación de Mondoñedo.

Ilustrísimos Alcaldes e alcaldesas das corporacións municipais, da Diocese de Mondoñedo

Excelentísimas e ilustrísimas autoridades.



Veciños e veciñas mindonienses

Veciños e veciñas das parroquias de Ortigueira

Moitas grazas por acompañarnos nesta ofrenda mariana anual da antiga Cidade de Mondoñedo e da Diocese á súa Patrona, a Santísima Virxe dos Remedios.

Grazas tamén as familias de Guillermo e de Marta que gustosamente aceptaron que os seus fillos foran os portadores do Cofre da nosa ofrenda solidaria.

Benvidos todos e todas vos.



Como alcalde de Ortigueira e Oferente deste ano, tomo a palabra con emoción, respecto e humildade.

Porque **considero unha honra representar o sentimento dos corazóns de moitos homes e mulleres** que cada ano nos achegamos a esta Igrexa- Santuario da Nosa Señora dos Remedios.



E o facemos coa **esperanza de acadar a forza suficiente para superar as dificultades cotiás** das nosas familias, dos nosos fillos e fillas e da nosa veciñanza.

Pois somos coñecedores, Señora, da túa vinculación coa Orde Trinitaria e compartimos os seus ideais comunitarios de:

- Rexeitamento das desigualdades
- Mediación e vocación de servizo público, nomeadamente aos mais necesitados



- Vontade de diálogo e negociación a favor dos mais febles.

Por iso hoxe **pídoche que nos concedas aos representantes públicos a intelixencia política necesaria para resolver os gravísimos problemas que aínda existen hoxe en día:**

- A desigualdade social e de oportunidades, que precisa poñer a economía ao servizo das persoas.
- A explotación e violencia contra as mulleres.



- O maltrato á infancia e aos nosos maiores
- O desemprego na xente moza que obstaculiza o seu proxecto de vida.
- A despoboación das nosas parroquias e o abandono do mundo rural.
- O deterioro do planeta e a desaparición de especies
- A persecución das culturas, as artes e as letras.
- Os estériles enfrontamentos territoriais e de bandeiras.



- A perda da solidariedade e a expansión dos egoísmos
- A guerra e a fame que sofren milleiros de persoas.
- O acoso e sectarismo por pensar, ou ser diferente.
- Ou o insoportable drama das migracións e das persoas refuxiadas, que causa mortes, atropelos e violacións, roubándolles a milleiros de persoas que foxen da miseria e da escravitude, o único que lles queda: a esperanza dunha vida mellor.



Pídoche tamén, capacidade de mediación e de diálogo para acordar as decisións de interese xeral do conxunto da poboación, nomeadamente das persoas e territorios mais necesitados.

Para que, entre todos e todas, **sexamos capaces de apuntalar a democracia do presente e do futuro.**

Construíndo unha sociedade inclusiva, xusta e tolerante, que se afaste do sectarismo, do odio e da explotación.



Capaz de utilizar e respectar o noso entorno, para deixarllo aos que nos sucedan, en condicións saudables.

Axúdanos, Señora, a superar estas dificultades

E si acontece que, no exercicio do noso cargo, se apaga a luz da nosa coraxe e compromiso...., **concédenos que se acenda de novo, cando teñamos que afrontar un problema do noso entorno ou doutro ser humano.**